



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DO MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

##### Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS EXCEPCIONAIS TRAMITADAS POLA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2022

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións realizarase, entre outros, de acordo cos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do establecido no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 82, do 13 de abril de 2021), dáse publicidade ás subvencións directas excepcionais tramitadas pola Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo no cuartotrimestre do ano 2022:

ENTIDADE BENEFICIARIA	NIF	TIPO SUBV.	OBXECTO	ÓRGANO CONCEDINTE	DATA RESOLUCIÓN	IMPORTE	APLIC. ORZAM.
Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Excepcional	Xornada técnica de campo	Presidencia	9/11/2022	3.500,00 €	4190.48911
Consello Regulador da denominación de orixe Queixo de San Simón da Costa	V27152925	Excepcional	Sinalización das queixerías da DOP Queixo de San Simón da Costa	Presidencia	11/11/2022	6.988,26 €	4190.789
Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Excepcional	Festival de Alimentación Sostible. Unha proposta para a concienciación por unha alimentación sostible	Presidencia	15/11/2022	8.363,60 €	4190.48911
Sindicato Labrego Galego - Comisión Labregas	G27023951	Excepcional	Recuperación de variedades locais de froiteiras e posta en valor no territorio	Presidencia	16/11/2022	10.468,60 €	4190.789
Asociación moteiraMotoreo Pontenova	G27470210	Excepcional	II Baixada de carrilanas A Pontenova (Campionato de España)	Presidencia	13/12/2022	9.000,00 €	4190.48911
Asociación de Comerciantes, Industriais, Servizos e Autónomos de Ribadeo	G27118579	Excepcional	Xornadas gastronómicas do calamar de Ribadeo	Presidencia	13/12/2022	5.000,00 €	4190.48911

Asociación de gandeiros A Fonsagrada	G27368455	Excepcional	Captación, formación e coordinación de novos produtores	Xunta de Goberno	16/12/2022	15.000,00 €	4190.48911
Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo	Q27710021	Excepcional	Accións formativas	Presidencia	22/12/2022	5.616,90 €	4190.48911
GameoverProductions, SL	B27460799	Excepcional	Jazztronomía	Presidencia	26/12/2022	9.500,00 €	4190.48911
Asociación de criadores da Raza Porcina Celta	G27243500	Excepcional	Plan de certificación da calidade na carne de Porco Celta	Presidencia	26/12/2022	10.000,00 €	4190.48911
Asociación de amigos do Museo Vivo e Integrado de Campo e da Locomoción Agraria	G27495639	Excepcional	II Xornada de alternativas ao uso do petróleo en aplicacións agrícolas	Presidencia	29/12/2022	2.000,00 €	4190.48911
Asociación de criadores do cabalo de Pura Raza Galega (PURAGA)	G27334168	Excepcional	Feira Exposición do Cabalo Galego	Presidencia	29/12/2022	3.448,50 €	4190.48911
Asociación Proxecto Vieiros	G72775133	Excepcional	Proxecto Vieiros con vida	Presidencia	29/12/2022	8.000,00 €	4190.48911
Asociación Sociedade Galega de Pastos e Forraxes	G27459064	Excepcional	Xornada a sustentabilidade e da produción de leite na Galicia interior	Presidencia	29/12/2022	4.000,00 €	4190.48911
Asociación Sociedade Galega de Pastos e Forraxes	G27459064	Excepcional	Xornada as actividades agrogandeiras na defensa fronte aos incendios na montaña	Presidencia	29/12/2022	3.000,00 €	4190.48911
Asociación de veciños O Bubaíño San Cristobo de Castro Carballedo	G27307784	Excepcional	Campamento xuvenil Castro Cultural	Presidencia	29/12/2022	5.700,00 €	4190.48911

Lugo, 9 de xaneiro de 2023.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 15 de outubro de 2019, A DEPUTADA DELEGADA DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE, Mónica Freire Rancaño.

R. 0038

**CONCELLOS****BEGONTE***Anuncio*

Advertido erro no Edicto publicado no BOP de Lugo nº 294, de data 26 de decembro de 2022, no relativo ao resumo por capítulos do Estado de Gastos do orzamento municipal para o exercicio económico de 2023, aprobado por acordo adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 18 de Novembro de 2022, se procede á súa corrección nos seguintes termos:

**ESTADO DE GASTOS**

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES.</b>		
1	GASTOS DE PERSOAL	641.532,91
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.675.137,40
3	GASTOS FINANCEIROS	3.400,69
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	185.495,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00
<b>B) OPERACIÓNS DE CAPITAL.</b>		
6	INVERSIÓNS REAIS	388.277,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	15.000,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL DE GASTOS</b>		<b>2.908.843,00</b>

Begonte, a 9 de xaneiro de 2023.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 0039

**BÓVEDA***Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA**

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga do 2º trimestre do exercicio 2022.

Por Resolución da Alcaldía, n.º 2023-0011, de data 9 de xaneiro de 2023, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga, correspondente ao 2º trimestre do exercicio 2022, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra o mesmo.

O prazo de cobro en período voluntario será de un mes: Dende o 10 de xaneiro ao 10 de febreiro de 2023.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas ao mesmo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, de acordo con canto establece o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Trascorrido o período de pago en voluntaria as débedas co Concello serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao aveiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Bóveda, 9 de xaneiro de 2023.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López.

R. 0040

---

## CASTROVERDE

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (PEÓN- CONDUTOR) AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS – PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO 2022**

**POSTO DE TRABALLO:** 2 PEÓNS- CONDUTORES (Un peón condutor por período de 6 meses e un peón condutor por período de 3 meses)

**LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** No Rexistro Xeral do Concello de Castroverde ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Castroverde, será necesario adiantala por fax (982313011 ), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

**SISTEMA DE SELECCIÓN:** Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Castroverde e na páxina web

Castroverde, 9 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0041

---

## CERVO

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 30 de decembro de 2022, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de novembro de 2022 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da taxa da Piscina Municipal, así como, o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 5º bimestre de 2022 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 13 de xaneiro ao 14 de abril de 2023. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 30 de decembro de 2022. O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0042

*Anuncio*

Detectado erro nas Bases Específicas que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021, que foron publicadas no BOP de Lugo de 26 de decembro de 2022, procédese á corrección do apartado “*outros requisitos*” correspondente á praza C18 Peón/a de Recollida de lixo, no que el lugar de permiso de conducir clase C, se require permiso de conducir clase B, de xeito que, **onde pon:**

referencia da convocatoria	prazas convocadas	nº	clase de persoal	grupo	sistema selectivo	requisitos de titulación	outros requisitos	observacións
C18	Peón/a Recollida de Lixo	1	Laboral	AP	DA 6ª	Sen esixencia de titulación	C1, 4	

**Debe poñer:**

referencia da convocatoria	prazas convocadas	nº	clase de persoal	grupo	sistema selectivo	requisitos de titulación	outros requisitos	observacións
C18	Peón/a Recollida de Lixo	1	Laboral	AP	DA 6ª	Sen esixencia de titulación	C1, 3	

Sendo, de conformidade co disposto en ditas bases:

3.- Permiso de conducir clase B

4.- Permiso de conducir clase C

C1.- CELGA 1, ou equivalentes (estarase ao disposto ao efecto na base 5.1.f das Bases Xerais)

C2.- CELGA 2, ou equivalentes (estarase ao disposto ao efecto na base 5.1.f das Bases Xerais)

C4.- CELGA 4, ou equivalentes (estarase ao disposto ao efecto na base 5.1.f das Bases Xerais)

Cervo, 10 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0051

**O INCIO***Anuncio*

Mediante Resolución de Alcaldía do 10/01/2023, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de un posto de **Peón de Servizos Múltiples**, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), durante 6 meses, ao abeiro do programa da Deputación Provincial de Lugo “*Fomento de Emprego*” (Plan Único 2022).

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, 08:00 a 15:00 horas, durante o prazo de **cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán rexistrarse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello do Incio (<https://concelloincio.sedelectronica.gal/>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello <https://concelloincio.sedelectronica.gal/> (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

O Incio, a 10 de xaneiro do 2023.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 0052

**LUGO***Anuncio*

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2022 adoptou, entre outros, o Acordo seguinte:

**2/171 APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 57 DO REGULAMENTO INTERNO DE PERSOAL.**

O citado acordo estará exposto ao público durante o prazo de **trinta días hábiles** para a presentación de suxestións e reclamacións, mediante anuncios a inserir no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello, e o expediente administrativo poderá ser examinado na dependencia do Servizo de Persoal (sito na segunda planta do Edificio Administrativo, Ronda da Muralla 197), para que durante o mesmo prazo os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas.

En caso de non presentarse suxestións ou alegacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

Lugo, 9 de xaneiro de 2023.- A Concelleira-delegada da Área de Goberno e Gobernanza, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 0043

**RIBAS DE SIL***Anuncio***CORRECCIÓN ERRO MATERIAL**

No BOP da Provincia de Lugo núm. 293 de 24 de decembro de 2022 publicáronse as bases específicas e convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de "3 prazas de auxiliar de axuda no fogar" do concello de Ribas de Sil, a través do sistema de concurso-oposición, taxa adicional de estabilización, e na sede electrónica do Concello.

Mediante resolución de Alcaldía de data 9 de xaneiro de 2023, acordouse a corrección dos seguintes erros materiais:

- Na Base sexta. Desenvolvemento do proceso selectivo. Fase de oposición.

**Onde di** "(...) a puntuación mínima para superar o exercicio será de 15 puntos", **debe dicir**: "(...) Non se establece puntuación mínima para a superación do exercicio".

- Base oitava. Publicación de resultados e lista de reservas.

**Onde di** "A cualificación final está composta pola puntuación alcanzada na fase de concurso", **debe dicir**: "a cualificación final está composta pola suma da puntuación alcanzada na fase de oposición e na fase de concurso"

Ribas de Sil, 9 de xaneiro de 2023.- O ALCALDE, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 0044

**SARRIA***Anuncio***Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **cuarto trimestre de 2022**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se

entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 05 de abril de 2023, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Sarria, a 04 de xaneiro de 2023.- O ALCALDE, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 0045

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) MONFORTE DE LEMOS

#### *Anuncio*

#### **BASES REGULADORAS PARA LA CONCESIÓN DE AYUDAS ECONÓMICAS PARA MEJORAR LA EFICIENCIA ENERGÉTICA EN LOS HOGARES DE PERSONAS EN SITUACIÓN DE RIESGO Y/O EXCLUSIÓN SOCIAL DURANTE EL AÑO 2023**

BDNS ( Identif.) :669374

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/669374>)

#### **Primero. Beneficiarios.**

Podrán solicitar estas ayudas las personas residentes en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos que los servicios sociales valoren que se encuentran en situación o riesgo de exclusión social que cumplan los requisitos de acceso establecidos en el punto 5º y las condiciones reguladas en las bases.

#### **Segundo. Objeto**

Prestaciones económicas no periódicas destinadas a paliar situaciones transitorias de necesidad social relacionadas con el pago de suministros básicos de energía eléctrica, gas, gasoil de calefacción y otras fuentes de energía de la vivienda, de las personas y/o familias que se encuentren en una situación de vulnerabilidad social que tengan su residencia en el ámbito municipal de Monforte de Lemos con la finalidad de asegurar el acceso continuado a estos suministros básicos promoviendo la mejora de la eficiencia energética y reforzando los procesos de inclusión social.

#### **Tercero. Bases reguladoras.**

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) en la sección de AXUDAS Las solicitudes de ayuda se cubrirán a través del formulario normalizado accesible desde la sede electrónica del Ayuntamiento, <https://sede.monfortedelemos.es> y se presentarán preferiblemente por vía electrónica.

#### **Cuarto. Cuantía.**

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 20.000,00 €.

#### **Quinto. Plazo de presentación de las solicitudes.**

El plazo de presentación de solicitudes será a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y estará abierto hasta el 22 de diciembre de 2022.

MONFORTE DE LEMOS, 9 de xaneiro de 2023.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 0046

**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) XOVE***Anuncio***EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2023-0009 DO 9 DE XANEIRO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE ELABORACIÓN DE CARETAS DE ENTROIDO.**

BDNS (Identif.): 669244

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/669244>)

**Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO)

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto coa careta ou caretas a concursar, na Biblioteca Municipal), con data límite 10 de febreiro de 2023.

**Segundo. Obxecto**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de confección de caretas de entroido organizado polo Concello de Xove.

**Terceiro. Bases reguladoras**

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

**Cuarto. Contía dos premios**

Haberá cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3,4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio. Ningún participante poderá optar a máis dun premio, aínda cando tivese presentado máis de unha careta.

Os premios consistirán en lotes de material escolar cunha valoración de 35,00 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. Neste caso, a contía total destinada aos premios poderá repartirse en partes iguais entre os gañadores.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

XOVE, 9 de xaneiro de 2023.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 0047

*Anuncio***EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2023-0015 DO 9 DE XANEIRO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DE ANTROIDO DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO 2023.**

BDNS (Identif.): 669373

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/669373>)

**Primeiro. Requisitos dos participantes.**

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios destas axudas, calquera particular, asociación ou entidade legalmente constituída así como os “*grupos ocasionais*” que cumpran as condicións previstas nestas bases. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo. Só poderá presentarse unha solicitude por entidade ou grupo.



**Segundo. Obxecto**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de disfraces do desfile de antroido organizado polo Concello de Xove para o Sábado día 18 de febreiro de 2023.

Caso de que por mor da situación sanitaria xerada pola Covid-19 fose preciso suspender os desfile, manteranse vixentes as presentes Bases, que se aplicarán íntegramente na convocatoria que dentro do propio exercicio 2023 se leve a cabo, unha vez transcorrida a situación que impediu a súa celebración.

**Terceiro. Bases reguladoras**

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

**Cuarto. Documentación a presentar e límite de presentación de solicitudes para participar no concurso.**

A documentación a presentar será a seguinte:

**1.- Particulares**

- Ficha de inscrición establecida ao efecto
- Copia do N.I.F. do concursante outitor, para o caso de menores de idade

**2.- Asociacións legalmente constituídas e “grupos ocasionais”.**

- Ficha de inscrición establecida ao efecto. Deberá indicarse o nome, apelidos e N.I.F. do representante do grupo.
- Copia do N.I.F. do representante do grupo

-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (só para o caso de asociacións legalmente constituídas)

A ficha de inscrición deberá presentarse en todo caso, con carácter previo á celebración do desfile, ben personándose nas dependencias do Concello de Xove-Oficina do Técnico de Cultura ata o venres anterior á data de celebración do desfile, ou ben o mesmo día do desfile no punto de saída (Nave-almacén sita á carón do campo de fútbol municipal) ata media hora antes do comenzo do desfile. A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

**Quinto.- Contía dos premios.**

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 5.355,66 € (partida 338.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2022 prorrogado para 2023).

**Carrozas.**

- 1º premio: 500 euros
- 2º premio: 350 euros
- 3º premio: 250 euros
- 4º premio: 250 euros
- 5º premio: 200 euros
- 6º premio: 200 euros

**Comparsas e grupos de dez persoas ou máis**

- 1º premio: 300 euros
- 2º premio: 250 euros
- 3º premio: 200 euros
- 4º premio: 200 euros
- 5º premio: 150 euros
- 6º premio: 150 euros

**Grupos de adultos de 3 a 9 persoas (a metade máis un dos compoñentes do grupo deben ser maiores de 14 anos)**

- 1º premio: 130 euros

2º premio: 100 euros

3º premio: 70 euros

4º premio: 70 euros

5º premio: 60 euros

6º premio: 60 euros

**Grupos infantís de 3 a 9 persoas (a metade máis un dos compoñentes do grupo deben ser menores de 14 anos)**

1º premio: 130 euros

2º premio: 100 euros

3º premio: 70 euros

4º premio: 70 euros

5º premio: 60 euros

6º premio: 60 euros

**Parellas adultos**

1º premio: 70 euros

2º premio: 60 euros

3º premio: 50 euros

4º premio: 50 euros

**Parellas infantís**

1º premio: 70 euros

2º premio: 60 euros

3º premio: 50 euros

4º premio: 50 euros

**Individuais adultos (de 14 anos en diante)**

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio: 40 euros

4º premio: 40 euros

**Individuais infantil (menores de 14 anos)**

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio: 40 euros

4º premio: 40 euros

Premio ao disfraz máis orixinal (pode ser tanto individual como colectivo): 30,00 euros

Premio ao participante máis maior: 30,00 euros

Premio ao conxunto máis numeroso: 30,00 euros

Así mesmo, o participante máis novo recibirá un agasallo en especie, valorado en 30 euros, polo que será o Concello quen faga fronte ao pago ao establecemento comercial no que se adquira, previa emisión da correspondente factura.

A contía dos premios anteriores é líquida. O RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, suxeita a retención os premios de contía superior a 300 euros. A porcentaxe de retención regulada no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, será de 19%.

De acordo co anterior, a contía bruta do primeiro premio da categoría de carrozas será de 617,28 euros; a do segundo, de 432,09 euros e a do terceiro e cuarto, 308,64 euros. Do mesmo xeito, a contía bruta do primeiro premio de comparsas e grupos de dez persoas ou máis será de 370,37 euros e a do segundo, 308,64 euros.

XOVE, 9 de xaneiro de 2023.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 0048

---

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/01938/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Piscifactoría del Eo, S.L.

Nombre del río o corriente: Río Narla

Punto localización: Lugar de Ferrería, parroquia de San Xoán de Parada

Término municipal y provincia: Outeiro de Rei y Lugo, Lugo

Caudal concedido: 315 l/s

Destino: Acuicultura (Piscifactoría)

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 04 de julio de 1997

Registro de Aguas: 6850, Sección A, en el Tomo 0069, hoja número 050

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Outeiro de Rei y/o en el Concello de Lugo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Lugo, 9 de enero de 2023.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0049

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/06812/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D<sup>a</sup> Mercedes Suazo Fernández

Nombre del río o corriente: Río Busto, m.d.

Punto localización: Lugar de Río de Busto-Os Mazos, parroquia San Martín de Neira de Rei

Término municipal y provincia: Baralla, Lugo

Caudal concedido: 0,54 l/s

Destino: Riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 27 de junio de 1997

Registro de Aguas: 6843, Sección A, en el Tomo 0069, hoja número 043

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Baralla** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Lugo, 30 de diciembre de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0050

---